

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201500008839  
18/05/15 10:38:23

**INSTRUCCIÓN XERENCIAL POLA QUE SE DAN AS INDICACIÓNS PRECISAS PARA EFECTIVIZAR A RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE ABRIL DE 2015 POLA QUE SE ACORDOU A RESTITUCION DA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE FUNCIONS EXISTENTE CON CARACTER PREVIO Á RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 11 DE XUÑO DE 2009.**

A resolución reitoral do 22 de abril de 2015 pola que se executaron as sentenzas ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, do 23 de abril de 2012, e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 17 de abril de 2013, acordou “a *restitución da organización e distribución de funcións existente con carácter previo á resolución xerencial do 11 de xuño de 2009*”. Consonte coa resolución citada ditouse resolución reitoral o 11 de maio de 2015 na que se recolle que as funcións que o Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios atribúe á Oficina de I+D en relación co asesoramento na negociación, a tramitación de contratos e convenios de investigación e a xestión económica derivada, realizaranse baixo a coordinación conxunta dos responsables do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento e da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación.

Facer efectivos estes mandatos require de instrucións precisas que faciliten que as labores encomendadas ás diversas unidades técnicas e administrativas da Universidade de Vigo, a actual Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación, (en adiante OTRI), en 2009 Oficina de I+D, e o Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento, sexan realizadas baixo os principios de coordinación, orientación ao usuario e eficiencia, dado o carácter secuencial das actividades concorrentes nun proceso que abarca dende a identificación da oferta tecnolóxica dos grupos de investigación universitaria e a procura de potenciais interesados nas capacidades universitarias, á formalización de contratos con empresas ou convenios con institucións, rematando coa entrega duns resultados e o pagamento á universidade dos servizos prestados, estendéndose ata a valorización dos coñecementos adquiridos mediante a obtención de patentes e a súa explotación ou a promoción de iniciativas empresariais de base tecnolóxica.

Nesta secuencia de actividades a OTRI realizará, como viña facendo con carácter previo á resolución da xerencia do 11 de xuño de 2009, entre outras actividades, **as relativas á promoción e comercialización da oferta investigadora da Universidade de Vigo**, debendo entenderse estas funcións cun carácter extenso abarcando todos os aspectos técnicos referentes a:

- Análise das capacidades de investigación e apoio tecnolóxico dos grupos de investigación universitario e o seu interese en colaborar co entorno empresarial e institucional.
- Confección da oferta tecnolóxica da Universidade de Vigo, cunha orientación comercial, dando a coñecer a mesma entre as empresas e institucións potencialmente interesadas.
- Asesorar aos investigadores universitarios na procura de oportunidades de colaboración con entorno empresarial e social, dándolle apoio técnico no desenvolvemento das súas relacións con estas entidades.

-Asesorar a empresas e institucións na súa relación coa Universidade de Vigo, procurando dar resposta ás demandas de colaboración.

-Promover a participación de empresas en proxectos de investigación universitario e, no seu caso, promover a participación de grupos universitarios en proxectos de I+D impulsados por empresas, difundindo as posibilidades de financiamento mediante convocatorias públicas.

-Apoio aos investigadores nas cuestións técnicas xerais para a concreción do interese de colaboración nun contrato ou acordo (definición do programa de traballo, protección de resultados de investigación, etc).

Estas funcións dada a súa especificidade serán realizadas polo persoal técnico da OTRI.

O Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento realizará todas as tarefas administrativas precisas para a formalización e a xestión económica dos contratos de investigación.

Dada a secuencialidade da actividade e a necesaria relación das unidades de carácter técnico e os servizos administrativos a persoa responsable da OTRI e o xefe do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento darán, cando sexa preciso, as instrucións necesarias ao persoal ao seu cargo para garantir a axilidade dos procesos.

Vigo, 15 de maio de 2015

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

XEFE DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

RESPONSABLE DA OFICINA DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN